

XIV CICLO DE CÁMARA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES E COMpositorAS

**Febreiro/Xullo 2010.
XACOBEO 2010**

Organiza:



Patrocina:



**XIV CICLO DE CÁMARA DA
ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES E
COMPOSITORAS Febreiro/Xullo 2010.**

XACOBEO 2010

Programa 1.

**Panorama do cuarteto e quinteto de corda galego
contemporáneo**

Alba López Trillo (soprano) e

Grupo Instrumental Século XX, Florián Vlashi (director).

Pontevedra, Auditorio do Conservatorio Profesional,
6 de febreiro de 2010, 20:00 horas.

Programa 2.

Panorama do teclado galego contemporáneo

Javier Vázquez Grela (piano).

Lugo, Auditorio do Conservatorio,
13 de marzo de 2010, 20:00 horas

Programa 3.

O Quinteto de vento na creación galega actual

Alba López Trillo (soprano)

Juan Manuel Varela Louro (piano)

Quinteto de vento "Pentafonía"

Ourense, Auditorio do Conservatorio Profesional de Música,
30 de abril de 2010, 20:00 horas.

Programa 4.

Formacións heteroxéneas na música de cámara galega actual

M^a José Ladra (mezzosoprano)

Ensemble s21

A Coruña, Auditorio do Conservatorio Profesional de Música
28 de Xullo de 2010, 20:00 horas

CICLO XIV ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa 1.

Panorama do cuarteto e quinteto de corda galego contemporáneo

Alba López Trillo (soprano) e

Grupo Instrumental Século XX, Florián Vlashi (director).

Pontevedra, Auditorio do Conservatorio Profesional,
6 de febreiro de 2010, 20:00 horas.

(As estreas están sinaladas cun *)

I PARTE

Metamorfose sobre un tema de Beethoven para violín, viola e violonchelo.....

Juan Durán

* *Un mundo feliz* para cuarteto de corda.....

Julio Montero

* *Fuga a 4 “Simhavikrîdita”* para cuarteto de corda.....

Julio Montero

Bagatela para cuarteto de corda.....

Gabriel Bussi

* *Puer natus est* para cuarteto de corda.....

Eligio Vila

* *Cuarteto de corda nº 3 op. 41*.....

Manuel Alexandre

I. Andante malinconico

II. Adagio, con languideza

III. Molto brioso e vivace

II PARTE

* *Cuarteto de corda nº IV, “Tarxetas postais, op. 114*.....

Paulino Pereiro

I

II

III

IV

V Fuga

VI

* *Fugit* para quinteto de corda.....

Julio Montero

Felizcumpleañozmozart.com para dous violíns, viola, violonchelo e

contrabaixo.....

Juan Durán

O cántico da fonte para soprano e cuarteto de corda.....

.....

Cesáreo Sánchez Iglesias (texto) e Paulino Pereiro (música)

I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X.

O CÁNTICO DA FONTE

Cesáreo Sánchez Iglesias

I

Amo o soño da palabra.
Pra min a auga e a fonte
a estrela e a fonte:
A auga vestida de pedra.

II

Auga perdida nos soportales.
Tanto silencio.
Tanta neve.
A lua.

III

A praza dórmese
pechada, muda e pedra.
A fonte está soia
e co eco da auga.
A nebra sobe
suorosa e branda.

IV

Auga cai
nebra xa e pouca.
O neno dorme
soñando non despertar.

V

Caladas as campás
falan os canos
o que é de seu.
As horas descálzanse diante dos ollos do neno enfermo. Quizais soña coa luz.

VI

Sin memoria, a vida dorme.
Neva.
A fonte está na noite
soñándonos.

VII

Ven, salta do soño á noite. Entra e fala. A luz vive menos. O sol desordenado ferve.

VIII

A vida ha ser na pedra, sinxela e constante, e na auga que molla á pedra.

IX

Quedou a praza feita noite. A fonte estenuada e triste.
E hoxe, canto tantas veces fun do dia non estou e teño medo e non quero entrar á noite.

X

A catedral dorme sobre as lousas. Presentindo a vida ollo á morte e volvo a entendela.
Este corpo é un latexo de luas un ceo gris e unha vella fonte.



Alba López Trillo
soprano

Nace na Coruña en 1985 e comeza os estudos de canto os 16 anos no Conservatorio Municipal de música de Culleredo coa profesora Maite Bárbara.

Membro do coro da OSG dende 1999 ten participado como coralista en diferentes obras sinfónicas e óperas do Festival Mozart e do Festival de Ópera da Coruña. Tamén realizou concertos co Europa Chor Akedemie por Alemania, Luxemburgo e Suiza.

Como solista participou no certame de Xoves Intérpretes da Asociación Galega da lírica Teresa Berganza nos anos 2004 e 2006 e nas zarzuelas "El barberillo de Lavapiés" e "La Gran Vía" coa Compañía Lírica Ofelia Nieto e na xira de concertos "Mozart en xira" co coro da OSG. Realizou cursos de canto con mestres da importancia de Helena Lazarska, Ana Luisa Chova ou Liubov Sharnina e recibiu clases de Carmen Subrido e Manuela Soto.

Diplomada en maxisterio musical pola Universidade de Santiago de Compostela dende 2006 actualmente estudia no Conservatorio Superior de Música da Coruña con Antón de Santiago.

Recentemente, en decembro de 2008, acadou o primeiro premio no Certame de Xoves Intérpretes do Circo de Artesáns da Coruña, patrocinado por Caixa Galicia.



Grupo Instrumental Século XX **Florián Vlashi (director)**

O Grupo Instrumental Século XX nace en 1996 pola iniciativa do violinista Florian Vlashi como homenaxe ao "Grande Século". A finalidade do Grupo é interpretar as mellores obras de música de cámara dende o principio do século XX ata os nosos días. Os seus membros son instrumentistas solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia. Proveñen de máis de 10 estados diferentes e todos eles contan cunha dilatada experiencia e labor profesional de altísimo nivel neste ámbito. O número dos intérpretes varía dependendo das obras do programa a interpretar.

Outro fin da súa intensa e ampla actividade é a sensibilización dos novos con ese mundo fascinante que é a música contemporánea. Nos concertos didácticos “Los niños y la música moderna”, conferencia–concertos o clases abertas, o público novo achégase con naturalidade e sen complexos á música de Stravinski, Berio o Xenakis. A estreita colaboración co compositor é esencial.

O G.I.S.XX estreou máis de 50 obras de compositores españois e ten no seu extenso repertorio autores desde Stravinski, Falla, R. Strauss, hasta Messiaen, Xenakis, Ligeti. Participou en diversos certames nacionais como os festivais de música da Coruña (Festival Mozart), Santiago, Salamanca, Bilbao (Festival de Música del Siglo XX), Madrid (CDMC) etc. obtendo as mellores críticas e o fervoroso aplauso do público. Os seus concertos son foron grabados por Radio Clásica, Radio Nacional de España e transmitidos por TVE 2 e polo Canal Internacional como el concerto dado no Auditorio Nacional de Música de Madrid.

O Grupo está aberto a novos proxectos e espazos combinando a música nova coa poesía, teatro, danza, videos y artes plásticas.

Ultimamente saíu ao mercado o seu CD “*Manuel Balboa – Obra completa para conxunto instrumental*” (Verso) e o DVD “*O arame*” ópera nun acto de Juan Durán.

CICLO XIV ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa 2.

Panorama do teclado galego contemporáneo

Javier Vázquez Grela (piano).

Lugo, Auditorio do Conservatorio,
13 de marzo de 2010, 20:00 horas

(As estreas absolutas están sinaladas cun *)

Iº PARTE

<i>Tocata de Nadal</i>	Juan Pérez Berná
I. Salve de difuntos.	
II. Aguinaldo.	
<i>Variaciones sobre un tema de Brahms op 107.</i>	Paulino Pereiro
<i>Catro Intermezzi</i>	Juan Durán
I. Delirio de las sombras	
II. El Valle de la Inquietud	
III. Y el viento pronunció tu nombre	
IV. En un árbol escrito	

IIª PARTE

* <i>Espazos</i>	Pablo Beltrán
* <i>Suite Lembranzas, primeiro caderno</i>	Julio Montero
Lembrando a Satie	
Lembrando a Ana Magdalena	
Lembrando a Dittersdorf	
Lembrando a Gluck	
* <i>A Gralla</i>	X.A Vázquez Casas
* <i>Dímelo ti</i>	X.A Vázquez Casas
* <i>Postludium nº 1</i>	X.A Vázquez Casas
<i>Suite para piano</i>	Fernando Alonso
Muiñeira	
Habanera	
Chacona	
Vals	



Javier Vázquez Grella (piano)

Pianista nado na Coruña, cidade donde inicia os seus estudos musicais no conservatorio superior de música ca prestixiosa pianista Natalia Lamas. Terminando a súa carreira cas máximas cualificacións en 1995. A partir de entón desenvolve unha ampla actividade como solista, acompañante e en formacións de cámara, sendo membro do Trio de Cámara Mendelsohn.

Posteriormente se traslada a Barcelona para estudar na Academia Luthier co pianista Antonio Ruiz Mellado obtendo ao final des seus estudos e por unanimidade do xurado o diploma de Concertista Cum Laude. Ten realizado gravacións para Radio Nacional de España, Radio Galega, e Televisión de Galicia e ten estreado obras de autores da Asociación Galega de Compositores entre os anos 1996 e 2003.

En Agosto de 2006, estrea na cidade de Guadalajara (México) a obra “El Traspasio de la mente” do compositor Luis Montes Jáuregui.

En xaneiro do ano 2007 graba un cd co clarinetista Antonio Suárez con obras de Brahms e Poulenc. Ese mesmo ano e con motivo do 20 aniversario da morte de Federico Mompou interpreta nunha serie de concertos en España e México, a integral das cancións e danzas e as variacións sobre un tema de Chopin.

Ten asistido a cursos con prestixiosos intérpretes como Rafael Sebastián, Eulalia Solè, Luiz de Moura, Vladislav Bronevitzky, Erick Heidseck, Alain Motard, Miguel Zanetti, (Madrid), Charles Spenser (Alemania), Dalton Baldwin (Portugal).

Dende o ano 1998 é pianista acompañante por oposición do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Ten gravado recentemente a Rapsodia in blue de George Gershwin ca Orquesta Sinfónica Melide e tamén con esta orquesta ten estreado no ano 2005 o concerto para piano e orquesta do compositor galego Fernando V. Arias no auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Participa co quinteto de vento do Conservatorio Superior de Música da Coruña no noveno torneo internacional de música celebrado en Zaragoza, interpretando o Sexteto de Francis Poulenc obtendo o diploma de mérito. Ten actuado nas principais cidades e auditorios de Galicia, Aranjuez (Auditorio Isabel de Farnesio), Barcelona (Casa Elizalde, Centro de Música Contemporánea), Portugal (Casa Mateus), Zaragoza (Sala Luis Galve), Ámsterdam, Utrecht e en Guadalajara-México (Ex – Convento del Carmen, Fundación Alvarez del Castillo, Teatro Degollado), Fresnillo e Tlaquepaque.

CICLO XIV ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa 3.

O Quinteto de vento na creación galega actual

Alba López Trillo (soprano)

Juan Manuel Varela Louro (piano)

Quinteto de vento "Pentafonía"

Ourense, Conservatorio Profesional de Música,
30 de abril de 2010, 20:00 horas.

(As estreas están sinaladas cun *)

Iª PARTE

* *Tempus* para quinteto de ventoJulio Montero

* *Suite* para quinteto de vento op.44Manuel Alexandre

I. Allegro rítmico

II. Molto adagio, con languidez

III. Allegro ben ritmato

IV. Adagi semplice

V. Allegro comodo

* *Inquedanzas* para quinteto de vento.....Pablo Beltrán

Marsanan para quinteto de vento.....Gloria Rodríguez Gil

IIª PARTE

¿*Cuántos cursos de composición ha hecho usted?* para frauta, óboe, clarinete e fagot.....Javier Mª López Rodríguez

* *Pingueiras* para fagot e piano..... José Javier Cesalvo

* *Trío de madeiras con piano* op. 48 para frauta, óboe, clarinete e piano

.....Manuel Alexandre

I. Allegro rítmico

II. Andantino con moto

III. Allegretto molto rítmico

* *Quinteto de vento con piano* op. 51 para frauta, óboe, clarinete, fagot e piano

.....Manuel Alexandre

I. Allegretto, energético e brioso

II. Adagio ma non troppo

III. Allegro molto rítmico, quasi mecánico

Cinco Cancións Populares para voz trompa e piano.....Margarita Viso

I.

II.

III.

IV.

V.

Textos das Cancións para voz, trompa e piano

1. Arroró mi neno arroró mi sol
Arroró pedazo de mi corazón

2. Costureiriña bunita
A palacio vai cosere
E na primeira escaleira
Xa lle deron que facere

A la la

3. Tacet

4. Vento ventiño del Norte
Vento ventiño norteiro
¡Arriba meu compañeiro!
A la la

5. Non che quero ir ao muiño
Nin entrar no tramiñado
Porque alá no outro mundo
Piden conta do roubado

Pontevedra é boa vila
Da de comer a quen pasa
A Fonte na Ferrira
San Bartolomé na praza

A mar anda que desanda
Anda que desaparece
Quen ten amores non durme
Quen non os ten adormece



Alba López Trillo (soprano)

Nace na Coruña en 1985 e comeza os estudos de canto os 16 anos no Conservatorio Municipal de música de Culleredo coa profesora Maite Bárbara.

Membro do coro da OSG dende 1999 ten participado como coralista en diferentes obras sinfónicas e óperas do Festival Mozart e do Festival de Ópera da Coruña. Tamén realizou concertos co Europa Chor Akedemie por Alemania, Luxemburgo e Suiza.

Como solista participou no certame de Xoves Intérpretes da Asociación Galega da lírica Teresa Berganza nos anos 2004 e 2006 e nas zarzuelas "El barberillo de Lavapiés" e "La Gran Vía" coa Compañía Lírica Ofelia Nieto e na xira de concertos "Mozart en xira" co coro da OSG. Realizou cursos de canto con mestres da importancia de Helena Lazarska, Ana Luisa Chova ou Liubov Sharnina e recibiu clases de Carmen Subrido e Manuela Soto.

Diplomada en maxisterio musical pola Universidade de Santiago de Compostela dende 2006 actualmente estudia no Conservatorio Superior de Música da Coruña con Antón de Santiago.

Recentemente, en decembro de 2008, acadou o primeiro premio no Certame de Xoves Intérpretes do Circo de Artesáns da Coruña, patrocinado por Caixa Galicia.



Quinteto De Vento Pentafonía.

Está formado por Profesores de distintas Bandas Profesionais e Conservatorios. Este grupo xorde coa intención de divulgar a Música composta para grupo de vento clásico. Esta agrupación crea unha singular beleza sonora, obtida pola brillantez e variedade tímbrica dos instrumentos de vento: Frauta, Oboe, Clarinete, Trompa e Fagot. O repertorio é moi variado e abarca dende o Renacemento, pasando por todos os estilos, ata a música dos compositores máis actuais, logrando un especial atractivo para o público nos concertos e xiras que o grupo realiza por toda a Comunidade Galega e noutras Comunidades Autónomas como Madrid, Comunidade de Castilla e León (León, Zamora, Salamanca, Segovia, Burgos, Avila, Soria y Palencia), na Comunidade Autónoma das Islas Canarias (A Palma de Gran Canaria e Santa Cruz de Tenerife). Mencionar especialmente a xira que realizou en Asia, no ano 2.007, realizando Concertos en Auditorios da cidade de Pekín (China).

Realizou concertos organizados pola Deputación de Salamanca xunto coa Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Castela e León, no apartado Verán Cultural (1.998). Esta agrupación foi seleccionada no Programa Xóvenes en Concerto na Comunidade de Castela e León (2.000, 2.001, 2.004, 2.005, 2.006 e 2.007). Ase mesmo foi Finalista nas dúas últimas edicións de Día da Música Xove (2.000 e 2.001) da localidade coruñesa de Sada, organizado polas Consellerías de Familia e Cultura da Xunta de Galicia. Tamén foi seleccionado este grupo no 6º Ciclo de Novos Intérpretes organizado pola Fundación Pedro Barrié da Maza (2.000-2.001) e nos Circuitos de Música Injuve (2.004). Participou en Cameralia Festival e Academia Internacional De Música De Cámara De Galicia 07 cos seguintes profesores: Stephanie Winker, Dag Jensen, David Fernández E Eldar Nelbolsin E J.L. Estellés. Realizou o IV Curso Musical 2.008 Vila De Arcade (Pontevedra). Resaltar que o Quinteto De Vento Pentafonía representa a casa Consolat De Mar (Valencia) e Yamaha (Xapón).

David Martínez Lombardía (fauta)

Nace en Ponferrada (León). Comezou os seus estudos de Fauta Traveseira á idade de 8 anos no Conservatorio Estatal de Ponferrada, onde terminou o título de Grado Medio e o de Profesor na especialidade de Fauta Traveseira con altas cualificacións.

Durante este periodo foi becado pola entidade ENDESA e cursó estudos cos Fautistas Trevor Wye, Juana Guillém (Solista da ONE), Magdalena Martínez (Solista da ONC), Salvador Espasa e Eduardo Pausá (Solista da Banda Municipal de Madrid) entre outros. Terminou os seus estudos no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela, onde acabou o Grado Superior de Fauta Traveseira coas máis altas cualificacións á vez que impartía clase con Laurent Blaiteau (Solista da Real Filharmonía de Galicia). Participou en Master Class con Fautistas da talla de Jean Claud Gerard, Patrick Gallois e Walter Auer (Solista Orquesta Filarmónica de Viena).

Foi Fauta Solista na Nova Orquesta do Conservatorio de Ponferrada, durante este periodo pertenceu ao Cuarteto Florez Chaviano. Actuou como Solista coa Orquesta do Conservatorio de Santiago de Compostela.

Actualmente é fauta solista da Banda Municipal de Santiago de Compostela por oposición. É membro colaborador da Filharmonía de Galicia coa que actuou no Auditorio Nacional de España. Tocou baixo as ordes de prestixiosos directores como A. Ros Marbá, Adrian Leaper, Cen Masur e Maximino Gonzalez entre outros. Á súa vez, colaborou coa Banda Sinfónica de Galicia e coa Banda do Rosal. É membro fundador do Quinteto de Vento Pentafonía.

Foi profesor na Escola de Música de Barro (Pontevedra), do Rosal (Pontevedra), Manuel Peleteiro (Santiago), Escola Municipal de Catoira (Pontevedra), Profesor na Escola Municipal de Rianxo e Escola Municipal de Negreira A Coruña).

Participou en Cameralia Festival e Academia Internacional de Música de Cámara de Galicia 07 cos seguintes profesores: Stephanie Winker, Dag Jensen, David Fernández, J. L. Estellés e Eldar Nelbolsin. Actualmente é Profesor Escola Municipal de Ames (A Coruña) e Escola Solfa de Santiago de Compostela

Jose Manuel Abal Rosales (óboe)

Nace en Marín (Pontevedra). Comeza os seus estudos aos 8 anos de idade da man de Fermin Feijoo, posteriormente continua os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela e no Conservatorio de Música de Pontevedra co mestre Pedro García e en 2.008 no Conservatorio Superior de Coruña finaliza os seus estudos Superiores co Profesor Ismael Vaquero.

Desde moi novo formou parte en numerosas agrupacions bandísticas de Galicia, como a Banda de Música Cultural de Arcade, Banda de Música Ateneo Santa Cecilia de Marín, Banda Municipal de Villagarcía, Banda de Música de Salcedo, Banda Municipal de Pontevedra, Banda Filarmónica de Galicia e tamén das Orquestas dos Conservatorios de Música de Santiago, Pontevedra e a Coruña, nas cales sempre destacou como Oboe Solista.

En 1.999 interpreta como solista coa Banda Municipal de Villagarcía o Concerto para Oboe e Orquesta de Cimarosa. En 2.004 coa Orquesta de Melide interpreta o Concerto para dous Oboes e Orquesta opus 9 de Albinoni e o Concerto para Oboe e Orquesta de Marcello.

Desde o ano 2.001 colabora asiduamente coa Banda Municipal de Pontevedra, Banda Municipal de Santiago e Municipal da Coruña

Ademais colaborou en numerosas ocasións como músico invitado coas máis prestixiosas agrupacións de música de Galicia, entre as que cabo destacar: Orquesta da E.A.E.M, Orquesta de Melide, Orquesta Gallaecia e Orquesta dos Conservatorios Superiores de Galicia, así como un gran número de Bandas populares percorrendo con elas gran parte do territorio nacional e de Portugal.

Desde o ano 2.002 ata o ano 2.004 é alumno da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia onde recibe clases con Christina Dominic (Oboe solista da Orquesta Real Filharmonía de Galicia).

É membro do Quinteto de Vento Pentafonía co cal realizou concertos ao longo de case toda a geografía española e fóra dela.

Asistiu a diferentes cursillos e master-class con Oboístas da talla Thomas Indermühle, Hansjörg Schellenberguer Eduardo Martinez, Fermín Clemente Bo, Salvador Mir, Ana Ruiz Prats Rafael Palacios e Ismael Vaquero.

Participou en Cameralia Festival e Academia Internacional De Música De Cámara De Galicia 07 cos seguintes profesores: Stephanie Winker, Dag Jensen, David Fernández, J. L. Estellés e Eldar Nelbolsin.

En 2.008 participa no III Encontro de Orquestas de Conservatorios Superiores de Galicia, onde grava un CD monográfico de Compositores Galegos, con Maximino Zumalave.

Actualmente é profesor na Escola Municipal de Sanxenxo, Escola de música de Salcedo e Escola de música de Candeán.

Martín Baleirón Frieiro (Clarinete)

Nace en Rianxo (A Coruña). Inicia os seus estudos musicais na Banda Infantil de Taragoña á idade de sete anos coa que chega a actuar en TVE. Permanece nesta agrupación ata que, no ano 1.982, incorpórase á Banda de Música da Escola Naval Militar de Marín (Pontevedra).

Nesta etapa estuda no Conservatorio Superior de Música de Vigo con Francisco Pérez, formando parte do Grupo de Cámara de Clarinetes de Vigo como membro fundador.

Asiste a diversos cursos de perfeccionamento con W. Boeykens, Keith Macleod, Carulli, E. Lluna, E. Espello, J. L. Estellés, Michel Letiec e Henry Bock. Ao conseguir o Título de Grado Medio no Conservatorio antes citado, abandona a Banda Militar e intégrase á Banda Municipal de Vilagarcía como Clarinete Solista. Colabora coa Orquesta da Comunidade Autónoma de Galicia e é membro fundador da Banda Sinfónica de Galicia. Termina os seus estudos Superiores de Clarinete no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela e pasa a formar parte da Banda Municipal de Santiago como Clarinete Solista. No ano 1.994 realiza o curso de Aptitude Pedagóxica na Universidade de Compostela e cursa estudos de Historia na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. No ano 2.001 consegue o Título Superior de Música de Cámara especialidade na que ampla a súa formación cos Profesores David Fernández, J. L. Estellés, Stephanie Winker, Dag Jensen e Eldar Nebolsin. Foi profesor no Conservatorio de Ribeira (A Coruña) e Conservatorio Martín Millan (Vilagarcía). Actualmente é Profesor no Conservatorio de Noia (A Coruña), Escola Solfa en Santiago de Compostela, Escola de Música de Catoira (Pontevedra) e Profesor da Banda de Música de Santiago. É membro fundador do Quinteto de Vento Pentafonía e Cuarteto de Clarinetes Divertimento.

Cursa Estudos de Historia e Ciencias da Música na Universidade da Rioxa.

Samuel Perez Llobell (trompa)

Nace no Puig de Santa María (Valencia). Inicia os seus estudos no seu pobo natal con Arturo Ribelles, continuando no Conservatorio Superior de Música de Valencia co Profesor José Rosell Pons, finalizando o Grado Medio de Trompa e posteriormente obtén o Título Superior, na mesma especialidade, no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela.

Actuou coa Banda Xuvenil de Valencia e Banda Municipal de Castellón, así como música de Cámara, Zarzuela e Opera.

Realiza cursos de perfeccionamento con D. Vicente Zarzo, Martín Hackelman, Adam Friedrich, Daniel Bourgue, Gómez De Edeta, Salvador Navarro, Luís Morató, Bohcdam Sebestik, Manuel Pérez, Jorge Ortega , Miguel Martinez e Eric Terwilliger.

En 1.982, obtén praza de Solista na Banda Municipal de Santiago e en 1.994 realiza o Curso de Aptitude Pedagóxica na Universidade de Santiago de Compostela.

Foi profesor nos Conservatorios de Lalín (Pontevedra), Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo e Viana do Castelo (Portugal), así como Director da Escola Municipal de Música de Chantada (Lugo) durante os cursos 95-96 ata 00-01. Foi profesor na Escola Municipal de Silleda (Pontevedra), Escola Municipal de (Santiago) ,Conservatorio Elemental de Cambados (2.006-2.007), Conservatorio Municipal de Melide (a Coruña) e Escola Municipal de Santa Cruz de Ribadulla (A Coruña).

Colaborou coa Xoven Orquesta de Galicia, Orquesta Clásica de Vigo, Orquesta Sinfónica de Bilbao, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Municipal da Coruña, Orquesta de Radio Televisión Española e Real Filharmonía de Galicia cos seguintes: Directores John Giordano, Theo Alcántara, Maximino Zumalave, Gilbert Varga, E. Remartinez A. Ros Marbá, Shostakovich, Helmuth Rilling, Jesús López Cobos, Aldo Ceccato, W. Michael Costello, Josep Pons, Tuomas Ollila , Adrian Leaper, Enrique Reinecker, Paul Daniel, Jonathan Webb e Walter Weller.

Foi membro do Grupo de Metais Alfonso Ulloa e na actualidade membro fundador do Quinteto de Vento Pentafonía co que realiza concertos ao longo da Xeografía española e fóra dela.

En Maio de 1.995 toca o Concerto nº 3 de W. A. Mozart coa Banda Municipal de Santiago. En Novembro de 1.998 estrea o Concerto para Trompa e Orquesta Aloia de Miguel de Santiago e en Outubro de 2001 estrea Cancións para voz, trompa e piano de Margarita Soto Viso e a Sonata para Trompa e Piano Mondariz de Juan Durán. En marzo de 2.007 toca o Concerto nº 4 de W. A. Mozart coa Banda Municipal de Santiago.

Participou en Cameralia Festival e Academia Internacional De Música De Cámara De Galicia 07 cos seguintes profesores: Stephanie Winker, Dag Jensen, David Fernández, J. L. Estellés e Eldar Nelbolsin.

Actualmente é Profesor no Conservatorio de Arzúa (A Coruña), Profesor da Banda Municipal de Santiago.

Na actualidade está estudando a Trompa Natural co profesor Jorge Renteria.

José Alejandro Valcárcel Moura (fagot)

Nace en Madrid. Comeza os seus estudos de música na Escola Municipal de Música de Xove (Lugo) sendo o seu profesor Xan Carballal, para continuar os estudos no Conservatorio Profesional de Música de Vilalba, onde terminou o Grado Medio de Fagot.

En 1.997 entra a formar parte na Orquesta de Práctica Orquestal Sinfónica de Galicia. Un ano máis tarde entra por oposición na Xoven Orquesta Sinfónica de Galicia na que participa como membro reserva durante dous anos.

No ano 2.001 entra na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia na que permanece por un periodo de dous anos onde recibe clases con Juan Carlos Otero (Solista da Real Filharmonía de Galicia) realizando diversas actuacións como solista.

Foi fagot solista da Banda Municipal de Lugo durante un periodo de catro anos (2.001-05), así como membro desde o 2.002 do Quinteto de vento Pentafonía, na que realizou concertos en toda a Xeografía Española e fóra dela.

Participou cos profesores: Gezim Malag (fagot da Banda Municipal da Coruña), Emilio Ubach (Profesor do Conservatorio Superior da Coruña), Cándido Fernández (Profesor do Conservatorio Superior de Vigo) e Juan Carlos Otero (Fagot Solista da Real Filharmonía de Galicia). Pierre Oliver Martens (Masterclass) e Hugo Kestzmann (Profesor do Conservatorio de Oporto).

Finaliza os Estudos no Conservatorio Superior de Música de Vigo en 2.007 e ademais é alumno da Escola Superior de Música e Artes Escénicas (ESMAE) de Oporto (Portugal), onde recibe clases con Hugo Kestmann desde 2.005.

Foi Profesor da Banda Municipal de Lugo e Conservatorio de Música de Cambados (Pontevedra). Colabora coa Banda Municipal de Santiago, Real Filharmonía de Galicia, Banda Sinfónica de Rías Altas de Galicia, Bandas do territorio galego e Conservatorio de Melide (A Coruña).

Participou en Cameralia Festival E Academia Internacional De Música De Cámara De Galicia 07 cos seguintes mestres: Stephanie Winker, Dag Jensen, David Fernández, J. L. Estellés e Eldar Nelbolsin.

Actualmente é profesor en Meaño (Pontevedra).

Juan Manuel Varela Louro (piano)

Nace en Noia. Realiza os seus estudos de piano con Martin Millan, obtendo as máximas calificacións.

Asiste a numerosos cursos de piano e música de cámara con Manuel Carra, Lidia Stratulat, Alfredo Oyáñez, Cecilio Tieles e Evelio Tieles.

Xunto co trio Aliaga, representa a España no Kaleidoskope der Nationen en Viena, estreando unha obra composta por Enric Riu para dita agrupación.

No ano 1996 comeza os estudos de improvisación e armonía moderna con Suso Atanes, continuandoos posteriormente con Abelardo Rábade. Participa na Workshop de big band encuadrada no VII Festival de Jazz de Oporto, impartido por Cecil Bridgewater, quen, á súa vez encárgase das clases de improvisación.

Realiza masterclass de improvisación con Barry Harris, Ulf Radelius, Skip Haden e Jarmo Savolainen.

No ano 1999 actúa, xunto con Concepción Rodríguez, como pianista acompañante no acto de entrega de medallas de prata da Comisión Europea en Luxemburgo.

Leva a cabo unha intensa labor como pianista acompañante. Como pianista do orfeón Terra a Nosa realiza numerosos concertos e xiras por Galicia e polo resto da xeografía nacional.

Forma parte do quinteto Pentafonía, e do cuarteto de jazz Drops cos que realiza numerosos concertos ó longo do ano, así como concertos didácticos.

No ano 2003 graba, xunto coa soprano Laura Alonso o disco "Na boca das Camelias".

Xunto co quinteto Pentafonia realiza o curso de música de cámara “Cameralia” cos mestres Stephanie Winker, Dag Jensen, Eldar Nebolsin, David Fernández e J. L. Estellés

No ano 2007 édítase o segundo disco coa soprano Laura Alonso “Lua Descolorida” no que se presentan as Cancións Xacobeas de Antón García Abril para soprano e piano.

Forma parte do grupo de jazz “Kin Garcia trio” co que leva a cabo a presentación de diferentes traballos discográficos.

No 2008 actua no festival de musica antiga “Festival de Musique Sacrée” na catedral de ST. Maló en Francia co taller de canto do orfeón Terra a Nosa.

Actualmente exerce de profesor de piano e armonía no conservatorio de Noia.

CICLO XIV ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Programa 4.

Formacións heteroxéneas na música de cámara galega actual

M^a José Ladra (mezzosoprano)

Ensemble s21

A Coruña, Auditorio do Conservatorio Profesional de Música

28 de Xullo de 2010, 20:00 horas

(As estreas están sinaladas cun *)

I^a PARTE

- Tres momentos musicais* para Clarinete e pianoKarolis Biveinis
Catro dúos para clarinete e pianoCarlos Cambeiro
* *Suite* para frauta e pianoJulio Montero
* *Sonata* para frauta e pianoEligio Vila
* *Morno* para violonchelo e piano.....José Javier Ces Calvo
* *Suite* para violín e piano.....Julio Montero
* *A paixase*, tres cancións para mezzosoprano, clarinete e piano.....
Pilar Cibreiro (texto) e Margarita Viso (música).
I. Poza de auga
II. Pimpíns
III. Paporroibo real

II^a PARTE

- * *Dúo número 1* para frauta e violonchelo.....Gloria Rodríguez Gil
* *Tres microestudos* para marimba.....Karolis Biveinis
* *Catro danzas* para clarinete e marimba.....Karolis Biveinis
Desleixo para dúas marimbas.....Javier M^a López Rodríguez
* *Silandeira fada que na noite fala* para frauta, clarinete e
violonchelo.....Javier M^a López Rodríguez
* *A espera* para frauta, clarinete baixo, violín, violonchelo, vibráfono e
piano.....Karolis Biveinis

Textos das cancións:

A PAISAXE

Poemas de Pilar Cebreiro en *Feitura do lume*

*Ningún poema falou desta maneira,
nunca dirá o que me está dicindo,
sen palabras,
a paisaxe.*

I. Poza de auga

Chuvisca
e can
en redondo
tremor,
unha tras
outra,
seguidiñas,
repetidas,
can
e
can
as gotas
de auga
na auga.

II. Pimpíns

Media ducia exacta de
pimpíns, esta mañá no parque
-femias, machos-, contentos
rebulían pola herba adiante,
aquí e alí picando.

Co frío, non os vía naide.

III. Paporroibo real

Mañá de marzo na presa
e na curva do camiño.
Reloce na rebordela
un paxaro nunca visto.
Orballa. Hai andoriñas.
Pára-lo coche. Saímos.
Catro ideas das máis puras
compoñen ese prodixio.

Non se vai nin alporiza.
Nestas, co seu rechouchío,
dispón unha encrucillada
de notas, estrelas, signos,
que fan a Carta do Ceo
dos seres mal coñecidos.



M^a José Ladra (mezzosoprano)

Na actualidade, é Profesora Numeraria e responsable do Seminario de Canto no Conservatorio Profesional da Coruña, Premio Extraordinario Fin de Carreira no Conservatorio Superior de Coruña, onde realizou os seus estudos baixo a dirección de Antón de Santiago, sempre coas máximas calificacións. María José Ladra é unha mezzosoprano lírica con coloratura, na liña das grandes mezzos españolas, grazas á fermosa cor da súa voz e ao gran dominio técnico, que lle permiten interpretacións de gran relevo, tanto no repertorio belcantista, como nas grandes personaxes de zarzuela. A súa formación viuse enriquecida coa asistencia a importantes cursos de interpretación, entre os que destacan a Bach Academie (baixo a dirección de Helmut Riling, con María Venutti e Andreas Schmidt), Música en Compostela (nas súas seccións "Teatro lírico español" con Maximino Zumalave e "Canción española e zarzuela" con Marimí del Pozo), Miguel Zanetti, Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, Teresa Berganza, etc. Como postgraduada recibiu clases da citada Marimí del Pozo e de Inés Rivadeneira. Recibiu diversos premios, cando aínda era estudante, en varios concursos convocados pola Xunta de Galicia. A súa voz é idonea para Dido de Purcell, Orfeo de Gluck, Cherubino e Dorabella de Mozart, Romeo de Bellini, Charlotte de Massenet, etc., polo que refire a personaxes operísticos. Obtén tamén excelentes resultados artísticos de personaxes de zarzuela, aos que intepretou como protagonista, como Ascensión de *La del manojo de rosas*, Paloma de *El barberillo de Lavapiés*, ou Menegilda e Elíseo de *La Gran Vía* coa Agrupación Lírica Ofelia Nieto, da que é primeira figura e membro fundador, e coa que tamén interpretou *Dido e Eneas*. En todas estas actuacións recibiu unha calorosa resposta do público e grandes gabazas da crítica, como tamén nas súas aparicións, tanto en recitais como nas galas líricas que realiza a Agrupación Ofelia Nieto e co grupo Magnificat de música relixiosa.



ensemble s21

O **ensemble s21** nace en novembro de 2007 e presentase o 1 de abril de 2008 no Auditorio do Centro Galego de Arte Contemporáneo de Santiago de Compostela, có obxectivo fundamental de interpretar e difundir a música contemporánea e de vangarda. O seu repertorio abrangue tamén obras de outras épocas, sempre e cando conformen e articulen programacións coherentes e ilustrativas. Este obxectivo implica o encargo de obras a compositores actuais, coa posibilidade da súa presenza nos ensaios e ademais a dirección das mesmas. Deste xeito resulta moi destacable o traballo que se está a realizar con creadores vivos de Galicia, doutros lugares de España e doutros países, engadindo ao repertorio obras escritas expresamente para o **ensemble s21**.

De conformación variable e flexible, que abrangue dende a interpretación dun solista ata o quinteto, o **ensemble s21** contempla a posibilidade de explorar repertorios que necesiten a incorporación de músicos, de achegarse a outras disciplinas artísticas en obras que así lo esixan, e tamén de interrelacionarse con outras formas de creación, tendo en conta a dificultade que iso conleva e tratando de analizar en profundidade a idoneidade desa mestura.

Por todo isto e pola rigorosidade do seu traballo, o **ensemble s21** conta xa con una acollida favorable por parte de crítica e público.

O **ensemble s21** organizase de maneira autónoma pero en estreita colaboración con festivais y centros culturais de Galicia: Festival Via Stellae, Festival Cidade de Lugo, Festival Are More, MARCO de Vigo, CGAC de Santiago de Compostela, Museo de Belas Artes da Coruña, Sociedade Filharmónica de A Coruña, Sociedade Filharmónica de Ferrol...